Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñocer e comprender os compoñentes clave e a singularidade do proceso formativo con persoas adultas.	A1 B4 C1 D3
Identificar os elementos do deseño de programas de educación formal e non formal para persoas adultas.	A1 B2 C3 C13 D4
Analizar perfis profesionais actuais e emerxentes relacionados coa educación de persoas adultas.	A4 B4 C7 C9 D3
Identificar os servizios socio-comunitarios e as súas actividades profesionais que poden servir de apoio a institución escolar no relativo a educación de persoas adultas.	A3 B2 C2 C12 D1 D5
Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da intervención profesional coas persoas maiores, evitando actitudes paternalistas e prexuizos.	A1 B3 C9 C12 D1
Analizar e valorar as propostas curriculares da administración e/ou de outras alternativas con apertura e flexibilidade.	A1 A3 B2 C2 C7 D4 D5

Contidos	
Tema	
Aproximaciones teóricas ao envellecemento	Conceptos introdutorios e definicións básicas relacioadas co "viejismo" ou "ageism". Ageism positivo e negativo. Causas e consecuencia do Ageism: individuais, sociais e culturais. Avaliación do ageism. Liñas de intervención para fomentar o respeto a diversidade, para incrementar a autoestima e o "empowerment" das persoas maiores.
Características da formación de persoas adultas.	Peculiaridades e condicionantes da prendizaxe das persoas adultas: horarios, características biolóxico-psicolóxicas, sociais, laborais, etc. Construcción do coñecemento nas persoas maiores.
Programas de formación regrada e non regrada para persoas adultas na contorna non universitaria.	Deseño e desenvolvemento de programas para persoas adultas. Estratexias e recursos de ensino-aprendizaxe con persoas adultas.
Os programas universitarios para persoas maiores.	A situación europea e española. Proxección social, asociacionismo, voluntariado e relacións interxeracionais. As Aulas de Formación Aberta: O Programa para persoas maiores da Universidade de Vigo.
A aprendizaxe ao longo da vida.	Necesidades e expectativas formativas das persoas adultas e maiores.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	28	36
Estudo de casos	2	10	12
Traballo tutelado	7	35	42
Resolución de problemas	5	10	15

Seminario	4	1.5	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	O profesorado exporá oralmente os contidos centrais da materia apoiándose en recursos didácticos e incorporará estratexia que promovan a participación do alumnado, atendendo tamen a resolución das diferentes dúbidas.
Estudo de casos	Análise de situacións, que se lle presentarán ao alumnado coa finalidade de reflexionar, contrastar datos e buscar posibles alternativas para mellorala.
Traballo tutelado	Para poñer en contacto o alumnado coa teoría e experiencias sobre formación de persoas adultas para promover o desenvolvemento de trabalos, que titorizará en pequeno grupo o profesorado.
Resolución de problemas	Actividade na que se resolverán diferentes cuestións relacionadas coa materia. O alumno/a aplicará procedementos de transformación da información e a interpretación da información. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesorado ofrecerá apoio ao alumnado para a realización de pequenos traballos/actividades fundamentalmente de aula, orientarao e resolveralle dúbidas.
Resolución de problemas	O profesorado apoiará ao alumnado principalmente na realización das actividades de aula, resolverá dúbidas, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Valorarase a actitude e implicación do alumnado sobre a situación obxecto de análise.	10	A4	B2 B3	C12 C13	D4
Traballo tutelado	Valorarase a actitude e implicación do alumnado no proceso de realización de diversos traballos, así coma polo resultado acadado.	40	A1 A3	B4	C1 C2 C7 C9	D1 D5
Resolución de problemas	Valorarase a implicación e participación do alumnado no desenvolvemento de actividades de aula.	30	A3	B2	C3	D1 D3 D4
Seminario	Valorarase a implicación, participación e traballo realizado polo alumnado no seminario.	20	A4	B4	C1 C2 C12	D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/s proba/s de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado cando realice a consulta.

As datas dos exames oficial, horarios, etc. poden consultarse na web do mestrado: http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/

O lugar de publicación das calificacións e de revisión será o taboeiro de anuncios do despacho do profesorado responsable e/ou a Plataforma utilizada para teledocencia nesta materia. A hora de revisión sinalarase no listado de calificacións exposto a partir da data oficial determinada na web do mestrado: http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/docencia/exames/

En caso de superar algunha das partes da materia conservarase a súa calificación dentro do mesmo curso académico, pero na Acta académica figurará como non superada e colocarase a cualificación resultante da puntuación obtida (atendendo previamente a súa respectiva ponderación).

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto,

como aprobadas nese curso académico.

Máis información sobre o proceso de avaliación así como sobre o tipo de proba/s, as orientacións para a realización, data de entrega, etc. será facilitada baixo demanda do alumnado que precise, ao non poder superar a materia por avaliación contiua.

OUTRAS OBSERVACIÓNS

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciales; en todo caso, garantizando a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural, **La educación formal de adultos en Europa: políticas y prácticas**, Ministerio de Educación, 2011

De Juanas-Oliva, J. & Rodríguez-Bravo, A. E., **Educación de personas adultas y mayores**, UNED, 2019

Hidalgo, J., De la Blanca, S. & Risueño. J. J., **La innovación educativa en la educación de adultos como mejora del proceso de enseñanza-aprendizaje**, Escuela Abierta, 14, 83-10, 2011

Ibarra, N. & Jardón, P., **Educación de jóvenes y adultos. Investigaciones, experiencias internacionales y buenas prácticas en la formación permanente**, Ostaedro, 2017

Jiménez Frías, R., **Educación de personas adultas en el marco del aprendizaje a lo largo de la vida**, UNED, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Recoméndase participar na marcha da clase e nas actividades/traballos propostos polo profesorado para desenvolver a aprendizaxe e poder superar a materia a través da avaliación continua.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza				
Materia	Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza			
Código	O05M138V01108			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Lameiras Fernández, María			
Profesorado	Carrera Fernández, María Victoria Gómez Suárez, Águeda Lameiras Fernández, María			
Correo-e	lameiras@uvigo.es			
Web	http://http://www.masterdiversidade.com/index.php			
Descrición xeral	Esta materia trata de presentar as definicións e redefinicións da categoría de xénero e a súa intersección coa etnia, a idade, a preferencia sexual, como coas culturas non hexemónicas, entre outras, co fin de dar a coñecer as complexas intersección constitutivas das relacións e das identidades subalternas. Tamén preténdese analizar como se constrúe a diferencia e como o diferente tende a equipararse co particular, co deficiente, co periférico fronte ao universal e central- orixinando relacións de poder asimétricas. En definitiva, poder recoñecer o qué é o xénero, o por qué do xénero e o para qué do xénero. Todas as culturas utilizan as diferencias biolóxicas (físicas) como base para faceren distincións sociais que supoñen a asignación de valores, cualidades e normas en función do sexo ao que pertenecemos. Este proceso, que comenza no nacemento e se estende ao longo de toda a vida das persoas, coñécese co nome de socialización sexo-xenérica, segundo a cal, sobre a base da existencia de dous sexos biolóxicos diferentes (sexo) constrúense as características, trazos e conductas socialmente aceptadas para cada un deles (estereotipos de xénero) sen dar cabida a individualidades que se constrúan e desenvolvan más aló desta dicotomía hexemónica. Desta forma, nas sociedades patriarcales, o mundo configúrase en dúas esferas diferenciadas: a masculina e a feminina; en dous submundos non só diferentes, senón subordinados, ou o que é o mesmo, desiguais. A esfera masculina, xerárquicamente superior, que constitúe o referencial, a norma; e a esfera feminina, xerárquicamente subordinada, que constitúe o desviado, o outro. Esta realidade construída desigual e asimétrica foise maquillando nas últimas décadas, nas que se desdebuxan as súas formas máis discriminatorias e sexistas, que xa non son politicamente correctas, cara a formas máis sutís e encubertas coas que seguir mantendo a xerarquía entre os xéneros, o que non supuxo un verdadeiro cambio estructural. Así, consideramos que o xénero e a identidade sexual son dous sistemas relacionais que se transforman, segundo as coordenadas socioeconómicas e culturais de cada época e espacio concreto. Todas as culturas institúen -co fin de modelar a organización social-, procesos políticos formais e informais que troquelan o alcance do permitido e, por ende, o ámbito do que non se acopla ao pautado: a diversidade. De aí que o pautado sexa o hexemónico. Os indicadores das restricción sexuais son moi variables nos distintos momentos históricos e nas distintas culturas. Postulados tales como a universalidade da dominación masculina e da subordinación social da muller, ou da heteronormatividade sexual, como realidades transhistóricas e panculturais, van a ser debatidas e examinadas nesta materia proposta			

Competencias	
Código	
B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas.
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador
C4	Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que impliquen avances de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diverso tipos de audiencias.

C9	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
D4	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumnado analiza e compara as diferentes correntes de pensamento nas que se emprega a categoría de xénero.	B1 C1 C4 C9 D3
Identifica os estereotipos subxacentes á construcción da identidade sexo/xénero	B1 C3 C9 C13 D3 D4
Detecta en situacións cotidianas o sexismo e o androcentrismo imperantes na nosa cultura.	C3 C9 D3

Contidos

Tema	
A CATEGORÍA DE XÉNERO: DO FEMINISMO ILUSTRADO A CUARTA ONDA FEMINISTA	Antecedentes históricos e ideolóxicos do feminismo. Teorías e discursos feministas dos séculos XX-XXI. Posmodernidade e postfeminismo: feminismo liberal vs. "feminismo" neoliberal
A CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE SEXO/XÉNERO: ESTEREOTIPOS DE XÉNERO E SEXISMO	Asignación de sexo e xénero. Proceso idealizado do desenvolvemento da identidade sexo/xénero. Da heteronorma ás outras identidades disidentes: Conformidade de xénero; Identidades disidentes e transgresoras: máis aló do modelo dous sexos/dous xéneros; Seximo, homofobia e discriminación á transgresión dos estereotipos e roles de xénero. Unha pedagoxía transgresora: rompendo o modelo heteronormativo .
PERSPECTIVA TRANSCULTURAL DO XÉNERO	Introducción á antropoloxía da sexualidade. A contrucción da feminidade e da masculinidade desde unha perspectiva transcultural. A comparación etnográfica en torno ó xénero. As culturas sexuais dende a perspectiva transcultural. A institucionalización dos terceiros xéneros. Identidade de xénero e prácticas sexuais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	16	33.5	49.5
Seminario	4	0	4
Traballo tutelado	0	40	40
Lección maxistral	10	0	10
Cartafol/dossier	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/a estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor ou profesora. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do/da estudante.
Seminario	Asesoramento grupal, pero tamén individual, tanto das actividades que se realizan autonomamente, como as que se realizan na aula, e precisen de apoio.
Traballo tutelado	O alumnado, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do estudantado que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo ou pola estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado será titorizado nas sesións de titoria das respectivas docentes para o adecuado desenvolvemento dos traballos tutelados

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Asistencia á clase e participación. Valoración das actividades realizadas na aula	30	
Traballo tutelado	Valoración do traballo tutelado	50	
Cartafol/dossier	Secuenciación organizada das actividades realizadas	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na primeira convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo.
O alumnado que por motivo xustificado non poda asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas.
ALUMNADO NON PRESENCIAL: Participación actividade de modulo: 10%, ata 1 punto. Traballo: 90%,

Observacións:

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciales; en todo caso, garantizando a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

LAMEIRAS, MARÍA & CARRERA, MARÍA VICTORIA, **Educacion sexual: De la teoria a la practica**, Piramiode, 2009

LAQUEUR THOMAS, **La construcción del sexo. Cuerpo y género desde los griegos hasta Freud**, Catedra, 1994

NASH, MARY, **Mujeres en el mundo: Historia, retos y movimientos**, Alianza Editorial, 2004

LAMEIRAS FERNANDEZ, MARIA, CARRERA FERNANDEZ, MARIA VICTORIA & RODRIGUEZ CASTRO YOLANDA, **Sexualidad y Salud: El estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de genero**, Universidad de Vigo, 2013

FAUSTO-STERLING, ANNE, **Cuerpos sexuados**, Melusina, 2006

Alicia Mirayes, **Distopias Patriarcales**, Feminismos. Catedra, 2021

Alicia Mirayes, **Delirio y Misoginia Trans**, Los libros de la Catarata, 2022

Rosa Maria Magda, **La mujer Molesta**, Menades, 2019

Ekis Ekman, **Sobre la Existencia del Sexo**, Feminismos. Catedra, 2021

Miquel Misse, **A la conquista del cuerpo equivocado**, Egales Editorial, 2018

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS

Xénero e Educación

Materia	Xénero e Educación			
Código	O05M138V01109			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Didácticas especiais Dpto. Externo			
Coordinador/a	Rodríguez Castro, Yolanda			
Profesorado	Fernández Villarino, María de los Ángeles Martínez Román, Rosana Rodríguez Castro, Yolanda Valcarce Fernández, Margarita			
Correo-e	yrcastro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia proponse mostrar a transversalidade da igualdade entre homes e mulleres na educación, nas súas diferentes vertentes e opcións deportivas, académicas e profesionais.			

Competencias

Código	
A5	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas.
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación.
B3	Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa diversidade, valorando o seu interese e as posibilidades de ser transferidas a outros contextos profesionais semellantes, así como de ser aplicables a situacións novas e emerxentes.
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras
C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador
C10	Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais, mediante a utilización de narracións autobiográficas
C11	Coñecer e aplicar procesos de toma de decisións relacionadas co tratamento da diversidade. Ser capaz de discernir as ideas nas que se fundamentan esas decisións, anticipando tamén os seus efectos
D1	Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc.
D2	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Emitir unha valoración crítica sobre os modelos educativos diferenciados das mulleres	A5 B3 C3 C10 D1

Avaliar programas educativos-deportivos e habilidades para utilizar procedementos de avaliación que melloren a aprendizaxe desde a perspectiva de xénero	A5 B2 C2 C11 D1
Manexar estratexias de asesoramento en materia de xénero para o profesorado, outros profesionais de axuda, as familias, a sociedade e as organizacións	A5 B3 C2 D1 D2
Identificar modelos, técnicas, recursos e instrumentos para a intervención orientadora e educativa con perspectiva de xénero.	A5 B1 B2 C2 D1

Contidos

Tema	
1. Educación e escolarización da muller desde a perspectiva histórica	1.1.Conceptos crave relacionados coa igualdade de oportunidades. 1.2. Os estereotipos de xénero: evolución, modelos e tipos (estereotipos descritivos e prescriptivos) 1.3. As novas teorías do sexismo moderno e a súa materialización en novas formas de violencia (online vs. offline). 1.4. Da separación dos sexos á coeducación: análise da realidade actual no sistema educativo.
2.- Orientación académica, profesional e laboral con perspectiva de xénero	2.1. O acceso das mulleres a educación, a formación e ao emprego. 2.2. O enfoque de xénero na orientación: conceptos de traballo e emprego. División sexual do traballo. Segregación vertical e horizontal. Segmentación e brechas na educación e o emprego. Discriminación múltiple. Medidas de acción positiva. Plans de igualdade 2.3. A acción orientadora con perspectiva de xénero: estratexias, técnicas e recursos
3. A diversidade na práctica deportiva en función do xénero. Estratexias e programas de intervención no ámbito escolar.	3.1.Visión desde a realidade social. 3.2. Estratexias e programas de intervención desde a educación formal na aula de educación física. 3.3. Estratexias e programas de intervención desde as experiencias en formación de profesores de educación física.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	0	12
Traballo tutelado	0	31	31
Estudo de casos	3	0	3
Resolución de problemas de forma autónoma	0	31	31
Prácticas de laboratorio	8	0	8
Cartafol/dossier	0	15	15
Traballo	0	11	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte das profesoras dos temas obxecto da materia.
Traballo tutelado	Documentos propostos polas profesoras e elaborados polo alumnado acerca de aspectos teórico/prácticos da materia, de extensión limitada.
Estudo de casos	Resolución de casos prácticos presentados nas sesións presenciais
Resolución de problemas de forma autónoma	Análise de estratexias e de recursos propostos polas profesoras
Prácticas de laboratorio	Execución de tarefas de carácter práctico por parte do alumnado e con orientación do profesorado. terán carácter presencial

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Traballo tutelado	A resolución de dúbidas e o seguimento dos traballos tutelados, farase de maneira non presencial, a través do campus virtual Moovi. Durante o mes de docencia poderase solicitar, con cita previa, as titorías online das docentes.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Realización de traballo grupal que consistirá en: selección dun material educativo (impreso, audiovisual, dixital) pensado para traballar con perspectiva de xénero na Formación do Profesorado, a Educación Obrigatoria (materia de Educación Física) ou na Orientación Profesional, e emitir un informe fundamentado e detallado acerca do seu maior ou menor validez, aplicando as teorías de xénero e a lexislación vixente en materia de igualdade. Ademais en función do informe anterior, repensar devandito material e facer outras propostas de aplicación noutros contextos educativos formais e/ou non formais (práctica deportiva) e noutros ámbitos da orientación (orientación laboral) en distintos contextos socio-comunitarios	50	A5	B3	C2 C3 C10 C11	D1 D2
Estudo de casos	Realización de actividades propostas na aula por cada profesora.	30		B2 B3	C3 C11	D2
Cartafol/dossier	Participar satisfactoriamente, polo menos no 80% das actividades de aula. O seguimento do alumnado realizarase a través do cartafol realizado individualmente, segundo as pautas recomendadas (10%). Neste apartado, inclúese a asistencia á actividade de módulo (10%).	20		B1 B2		D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que por diversas circunstancias xustificadas documentalmente, non alcance o 80% da asistencia correspondente ás actividades de aula deberá realizar as seguintes actividades: Lectura e análise dos documentos propostos polas profesoras acerca da temática da materia. Poderá alcanzar até 3 puntos. Resolución das actividades desenvolvidas en clase. Poderá alcanzar até 3 puntos. Realización dun traballo conxunto da materia, titorizado, que proporán as profesoras da materia. Poderá alcanzar até 4 puntos.

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas. O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/s proba/s de avaliación, ao redor dos contidos nucleares dá materia, coa data tope que marque o calendario do máster para os exames oficiais. Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.
O tipo de proba/s figura/n en Moovi, nas respectivas materias, nun cartafol baixo a denominación Alumnado non asistente, na que se presentarán os detalles das mesma/s, concretando tamén onde terá que realizar a entrega o estudiantado. As datas dos exames oficiais poden consultarse na web da Facultade de Educación e Traballo Social, na sección do mestrado.

Tamén podedes consultar a memoria Verfica deste título na que atoparedes a ficha da vosa materia.http://educacion-ou.webs.wbr.vigo.é/seguimento/wbr.mdiversidade

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciales; en todo caso, garantizando a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ekman, K. E., **Sobre la existencia del sexo. Reflexione sobre la nueva perspectiva de género.**, 978-8437643472, Cátedra, 2021

Bibliografía Complementaria

Bandura, A, **Auto-efficacité. Le sentiment d efficacité personnelle**, Paris:De Boeck.,

Bem, S., **Gender schema theory: A cognitive account of sex typing**, Psychological Review, 88, (4) 354-364,

Berroeta, B., **Si no sabes a dónde vas... acabarás en otro lugar**, En M. S. Alcalá et al. Hacia una orientación profesional no sexista.Pamplona: Gobierno de Navarra, 5,

Coscojuela, R. e Subías, R., **¿Hombres dirigentes y mujeres ejecutoras?**, Cuadernos de Pedagogía, 211, 65-67,

Eagly, A. H., and Mladinic, A., **Gender stereotypes and attitudes toward women and men.**, Personality and Social Psychology Bulletin, 15, 543-558.,

Eastwick, P. W., Eagly, A. H., Glick, P., Johannesen-Schmidt, Fiske, S., Blum, A.M.B., Eckes, T., Hu, **Is traditional gender ideology associated with sex-typed mate preferences? A test in nine nations.**, Sex Roles, 1, 1-11,

Echezarreta, P. et al., **Programa coeducativo de orientación académicoprofesional para la educación secundaria.**, Vitoria: Servicio Central del Gobierno Vasco,

Espín, J; Rodríguez Moreno, M. L; Donoso, T. et al., **Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista**, Barcelona: Laertes,

Ferrer, M.P. e Sánchez, I., **Toma de decisión vocacional no sesgada por razón de sexo**, Madrid: CIDE,

García, M.F., **Educar y orientar para la igualdad en razón del género, perspectiva teórica y propuestas de actuación**, Madrid: UNED,

Glick, P, and Fiske, S. T., **The Ambivalent Sexism Inventory: Differentiating hostile and benevolen sexism.**, Journal of Personality and Social Psychology, 70, 491-512,

Jato, E. y Méndez, M.J. (Eds.)), **Elixir o futuro sen prexuízos**, Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas, S.L.,

Jato, E., Méndez, M.J., Iglesias, L. (Eds.) e Diz, J., Valcarce, M., Fernández, X.R., Rodríguez,, **Xénero e igualdade de oportunidades. Materiais para a formación**, Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas,

Jato, E. y Valcarce, M., **A/o axente de igualdade de oportunidades: ámbitos de actuación e competencias profesionais**, en Jato, E. e Iglesias, L. Xénero e Educación Social,(79-97), Santiago de Compostela: Edicións Laiov,

Jato, E., Valcarce, M. y Diz, J, **Elementos para a elaboración do perfil profesional de especialistas na área de igualdade de oportunidades para as mulleres**, En Geraldes, C. y Otras (2003): Integração das políticas e sistemas de educação e formação-perspecti,

Lameiras, M., Rodríguez Castro, Y.& González Lorenzo, M., **Evolution of Hostil Sexism and Benevolent Sexismina Spanish Sample**, Social IndicatorsResearch, 66, 197-211,

López, V.M., Monjas, R. y Pérez, D., **Buscando alternativas a la forma de entender y practicar la educación física escolar**, Barcelona: Inde,

Méndez, M.J., **Condicionantes de xénero e clase social na elección académicoprofesional no ensino secundario**, Inédito,

Pillado, N., Fernández, M.A., Mirás, A., Toja, B., Roca, M., Alvariñas, M. López, S. y Rodríguez, P., **Memoria de una investigación-acción: atención a la diversidad en el aula desde el trabajo en grupo**, En M.A. González Valeiro, J.A. Sánchez Molina y A. Areces Gayo (eds), Actas del IV Congreso de la As,

Prat, M. y Soler, S., **Actitudes, valores y normas en la educación física.**, Barcelona: Inde,

Rodríguez Castro, Y., Lameiras Fernández, M., Carrera Fernández, M.V. y;Failde, J.M., **Aproximaciónconceptual al sexismo ambivalente: Estado de la cuestión**, SUMMA Psicológica, 6 (2), 131-142,

Rodríguez Castro, Y., Lameiras Fernández, M., Magalhaes, M.J. & Carrera, M.V., **Los rasgos expresivos e instrumentales de la comunidad educativa española: Estudiantes, padres/madres y docentes**, Summa Psicológica UST, 2,

Ruíz, J.V., **Pedagogía de los valores en educación física**, Madrid: CCS,

Santos Guerra, M. A. (Eds.), **Perspectiva de género en la organización escolar**, Barcelona: Grao,

Spence, J. T. and Buckner, C., **Instrumental and expresive traits, trait stereotypes, and sexist attitudes**, Psychology of Women Quarterly, 24, 44-62,

Swim, J. K., Aikin, W.S., Hall, W. S.& Hunter, B. A, **Sexisn, and Racism: Old-fashioned and Modern Prejudices**, Journal of Personality and Social Psychology, 68, 2, 199-214,

Tomé, A. y Rambla, X., **Contra el sexismo. Coeducación y democracia en la escuela**, Barcelona: Síntesis,

Tougas, F., Brown, A. M, Beaton and Joly, S. (1995), **Neosexism: Plus Ca Change, Plus C`est Pareil**, Journal of Personality and Social Psychology, 21, 842-849,

Valcarce, M., **Xénero e traballo asalariado**, en Cid, X. M. Repensar a educación e a sociedade: realidades e desafíos (81-93), Vigo: Servicio de P,

Valcarce, M. y Otras, **Guía de Buenas prácticas en Género. (Proyecto piloto Leonardo Da Vinci)**, Fundación Comarcal Valdeorras.,

Wandzilack, T.H., **Values development through physical education and athletics.**, Quest, 37, 176-185,

Rodríguez Castro, Y. y Martínez Román, R., **No me quieras tanto, quiéreme mejor: Eduación igualitaria y sexual frente a la violencia de género**, 978-84-1377-303-2, En VV.AA. (Eds.), Estudios sobre innovación e investigación educativa (606-616)., Dykinson,

Castro, M. R.; Diz, M. J. e Valcarce, M., **El alumnado de Formación Profesional Dual en Galicia análisis desde perspectiva de género.**, En M. Valcarcel et al. (Eds). Formación en alternancia a Formación Profesional Dual (pp. 135-162), USC, 2019

Rodríguez-Castro, Y., Martínez-Román, R., Alonso-Ruido, P., y Adá, A., **Patriarcado y adolescencia: su expresión a través de los estereotipos, el sexismo y los mitos del amor**, Dykinson, 2021

Rodríguez-Castro, Y., Martínez, R., Alonso, P., Adá, A., and Carrera, M., **Intimate partner cyberstalking, sexism, pornography and sexting in adolescents: new challenges for sex education.**, International Journal of Environmental Research and Public Health., 2021

Rodríguez-Castro, Y., Alonso, P., Lameiras, M., and Failde, J.M., **Del sexting al cibercontrol en las relaciones de pareja de adolescentes españoles: analisis de sus argumentos.**, Revista Latinoamericana de Psicologia., 2018

Rodríguez-Castro, Y., Martínez-, R., Alonso, P., and Carrera, M. V., **Análisis de la campaña #Primacoso: un continuo de violencias sexuales.**, Convergencia Revista de Ciencias Sociales., 2021

Adá, A., and Rodríguez-Castro, Y., **Analysis from a gender perspective of the Olympic Games on Twitter: The most important sports event in the world.**, European Sport Management Quarterly (RESM)., 2021

Recomendacións

Outros comentarios

Con independencia da situación particular de cada alumna/alumno, recoméndase a asistencia ás clases, co fin de interaccionar coas profesoras e realizar as actividades de aprendizaxe en grupo. Recoméndase igualmente resolver as dúbidas con tempo suficiente para cumprir os prazos de entrega dos traballos e as actividades propostas para a avaliación. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade				
Materia	Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade			
Código	O05M138V01201			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado	García Álvarez, Judit Torrecillas Hernández, Virginia			
Correo-e				
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php			
Descrición xeral	A pesar do recoñecemento da calidade de vida como un dereito dos cidadáns na sociedade actual, non todo o mundo ten igualdade de acceso a este dereito, concretamente as persoas con discapacidade, estas atópanse con problemas de acceso ao benestar, a vida saúdable, ao ocio activo e ao desenvolvento persoal e social; problemas ás veces reais, pero que en algunhas ocasións son problemas derivados da falta a de concienciación social. Ambos tipos de problemas constitúen verdadeiras barreiras para que as persoas con discapacidade disfruten dunha vida plena, física, psíquica e social. E polo que esta situación debe abordarse desde un prisma múltiple, que evalúen os diferentes axentes que interveñen, que detecten as necesidades individuais e que permita realizar propostas de mellora neste senso. Esta materia, ubicada no bloque Necesidades Educativas Especiales aborda a calidade de vida das persoas con discapacidade desde as seguintes perspectivas: a. Perspectiva psicosocial en canto a reducción de estereotipos en familias e sociedade. b. Actividade física e práctica deportiva saúdable a través do ocio activo.			

Competencias	
Código	
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de decribir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade
C9	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
C12	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Deseñar e implementar un programa de intervención para a redución de estereotipos fronte á discapacidade	C1 C2
Deseñar un programa de concienciación social a favor do deporte das persoas con discapacidade	C2 C13
Adaptar xogos e deportes en función da discapacidade	C7 C12
Avaliar a accesibilidade das instalacións para as persoas de mobilidade reducida.	C9 C12

Contidos
Tema

1. Calidade de vida e discapacidade: unha perspectiva psico-social	1.1. Estereotipos como compoñentes dos prexuízos 1.2. Identidade social e discapacidade. 1.3. Técnicas para a redución de prexuízos fronte á situación de discapacidade. 1.4. Prácticas de autodefensa para persoas con discapacidade para dirixir e controlar as súas condicións e calidade de vida.
2. O deporte como factor de calidade de vida das persoas con discapacidade	2.1.Aproximación conceptual o deporte adaptado: Contribución do deporte adaptado o desenvolvemento persoal e inclusión social. 2.2. Diferentes modelos deportivos para as persoas con discapacidade: deporte paralímpico e deporte para todos. 2.3.Bases dunha proposta deportiva para as persoas con discapacidade: Adaptación, sensibilización e eliminación de barreiras. 2.4. Actividades terapéuticas con animais
3. Terapia asistida con animais	3.1. Beneficios das actividades e da terapia asistida por animais 3.2 Áreas de intervención das Terapias Asistidas con Animais 3.3. Pautas para a intervención en terapia asistida con animais

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	9	21.5	30.5
Traballo tutelado	12	36	48
Seminario	4	0	4
Saídas de estudo	5	0	5
Traballo tutelado	0	21	21
Eventos científicos	4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos fundamentales da materia coa axuda das tecnoloxías axeitadas e demandando participación do alumnado.
Traballo tutelado	Actividades de aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións prácticas relacionadas coa calidade de vida: concienciación social, adaptación de recursos, aplicación de técnicas.
Seminario	As horas de titoría en grupo dedicaranse a expor e resolver todas as dúbidas que os alumnos atopen, tanto nos traballos de aula como nos traballos autónomos
Saídas de estudo	Saídas a institucións especializadas nalgún dos contidos da materia. De non poder realizarse, organizaríase unha actividade complementaria na aula
Traballo tutelado	Realización de traballos, proxectos ou actividades realizadas de forma autónoma, baixo o asesoramento dos docentes.
Eventos científicos	Este apartado refírese a aquelas actividades organizadas de xeito común para todo o modulo: conferencias, debates, visitas...

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Traballos de aula As actividades desenvolvidas na aula serán obxecto de atención personalizada, sempre que o alumno o requira. Nas titorías prestarase atención personalizada a todos os alumnos que o necesiten. Tanto as acitivades de aula como as de carácter autónomo poderán ser obxecto de atención personalizada
Seminario	Titoría en grupo As actividades desenvolvidas na aula serán obxecto de atención personalizada, sempre que o alumno o requira. Nas titorías prestarase atención personalizada a todos os alumnos que o necesiten. Tanto as acitivades de aula como as de carácter autónomo poderán ser obxecto de atención personalizada
Traballo tutelado	Traballos tutelados As actividades desenvolvidas na aula serán obxecto de atención personalizada, sempre que o alumno o requira. Nas titorías prestarase atención personalizada a todos os alumnos que o necesiten. Tanto as acitivades de aula como as de carácter autónomo poderán ser obxecto de atención personalizada

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Aplicación dos contidos teóricos a situacións prácticas relacionadas coa calidade de vida das personas con discapacidade, xa sean situacións reales ou simuladas.	50
Saídas de estudo	Participación na saída de estudo e posterior reflexión.	10
Traballo tutelado	Valoración das actividades realizadas de forma autónoma	30
Eventos científicos	Participación en actividades de módulo: conferencias, mesas redondas e visitas a centros ou institucións.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na primeira convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións nas probas/actividades superadas. O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/as proba/as de avaliación ao redor dos contidos contidos nucleares da materia coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta. Asimesmo o tipo de probas figurarán en faitic nas respectivas materias nunha carpeta baixo a denominación **Alumnado non asistente**, na que se presentarán os detalles da mesma , concretando tamén onde terá que reallizar a entrega o estudantado . As datas dos exames oficiais poden consultarse na web do mestrado: http://www.masterdiversidade.com/index.php

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Rios Hernández et al., **El juego y los alumnos con discapacidad**, Paidotribo, 1998

